

## Tema 8

### *A vida política da Restauración:*

#### *quenda pacífica, caciquismo e fraude electoral*

Seguindo o modelo inglés a estabilidade política da Restauración baseábase na **alternancia política** no poder entre dúas forzas políticas, é a famosa **quenda (turno) pacífica** entre dous grandes partidos dinásticos, que se comprometen a irse alternando pacificamente no poder;; é mester entender que o modelo bipartidista, xa con sufraxio censatario, xa con universal a partir de 1890, se manterá grazas á compoñenda entre o poder central e as súas correas de transmisión no ámbito local: os caciques. O sistema de Cánovas presentará así unhas Cámaras que en nada reflicten a participación popular.

Os dous grandes partidos foron o Partido Liberal-Conservador e o Partido Liberal Fusionista, coñecidos como "conservadores" e "liberais" respectivamente. Foron os únicos partidos que ocuparon o goberno neste período. Non se trataba de partidos modernos de masas, tal como coñecémolos hoxe, coas súas sedes, agrupacións, e afiliados. Tratábase de partidos de notables, é dicir, a reunión de varios líderes políticos coas súas respectivas clientelas, os seus órganos de prensa e os seus apoios locais.

Así, cada un destes políticos lideraba unha facción. A misión do líder era manter unidas ás diferentes faccións do partido, e repartir os beneficios do poder equilibradamente entre eles. Se un partido perdía a unidade interna mentres estaba no goberno, o rei podía quitarlle a súa confianza e chamar á oposición para que formase novo goberno e convocase as eleccións, mediante o que se coñecía como "decreto de disolución". Por iso, era necesario que o líder do partido fose unha figura co carisma suficiente como para aglutinar no seu torno a todas as faccións. Durante o último cuarto de século, **Cánovas e Sagasta** foron os líderes indiscutibles, pero trala súa morte sucedéronse as divisións internas nos seus respectivos partidos.



Antonio Cánovas

**O Partido Liberal-Conservador** foi o primeiro dos dous que se constituíu. O seu líder era Antonio Cánovas, quen intentou aglutinar no seu seo aos antigos moderados partidarios de Isabel II e aos membros da Unión Liberal, incluídos aqueles que, como Romero Robledo, apoiaron a revolución de 1868. Tamén

englobou nas súas filas a personalidades destacadas, como o xeneral Martínez Campos e tamén a grupos próximos ao tradicionalismo, pero que aceptaban a lexitimidade alfonsina. Ten as súas bases sociais nos grandes propietarios e na alta burguesía: é o partido da orde, da clase dirixente.



Mateo Sagasta

**O partido Liberal-Fusionista** xurdiu máis tarde, xa que as faccións que o ían a compoñer estaban desorganizadas tralo fracaso do Sexenio. O proceso, que non foi fácil, consolidouse en 1881, cando accederon ao poder baixo a dirección de Sagasta, o seu líder durante o último cuarto de século. O seu programa fundamental era desenvolver os dereitos da Constitución de 1869.

### *O falseamento do sistema: o fraude electoral*

---

A necesidade que tiñan os gobernos de gañar as eleccións e ter maioría nas Cortes, provocou o seu falseamento permanente, o sistema funcionaba de arriba abaixo:

- Na cúspide estaba a minoría política dirixente, os homes dos partidos, senadores, deputados, ministros... estreitamente conectados tanto pola súa procedencia social como polas súas relacións familiares e persoais cos grupos dominantes locais, donos de negocios, fabricas e terras; todos eles forman **a oligarquía** dirixente entre a que se escollía os candidatos.

- Nun nivel intermedio estaba o **gobernador civil** que, baixo a orde do ministro da Gobernación, colabora na elaboración do encadramento. Para que os resultados se cumpran segundo o previsto deben colaborar os **alcaldes**, nomeados polo Goberno e encargados do desenvolvemento do proceso electoral.

- Na base desta pirámide estaba o **cacique local**, personaxe que gozaba dunha grande influencia no seu territorio, sobre todo rural, e que cambiaba votos por favores como a entrega de cargos, favores, as recomendacións etc...

**O proceso de manipulación** funcionaba tamén de arriba abaixo:

- O primeiro paso é a destitución do goberno mediante o Decreto de Disolución firmado polo rei. (porque perde a confianza da coroa, porque se considera necesario para manter o sistema, porque hai unha crise dentro do partido ou porque toca ☺), axiña pónse en marcha os mecanismos de manipulación electoral para conformar unha nova maioría.

- Despois o xefe do outro partido (normalmente Canovas ou Sagasta) recibe o encargo de formar un novo goberno, as cortes son disoltas e o novo goberno nomea novos gobernadores e novos alcaldes.

- Convócanse novas eleccións e no ministerio de gobernación se negocian coa oposición os resultados electorais. No **encadrado** (estaba no ministerio de Gobernación e nas cuadrículas correspondentes a cada distrito electoral colocábanse os nomes dos candidatos que lle interesaban ao goberno) páctanse os candidatos que deben saír elixidos en cada distrito electoral, asegurándolle o partido convocante a maioría e a ao outro partido unha representación suficiente ata a seguinte quenda.

- Os Gobernadores civís nomeados polo novo xefe do goberno actúan de intermediarios entre o poder central e os poderes locais para garantir que os resultados sexan os pactados.

- Os caciques locais eran os que controlaban a maioría dos **distritos electorais**, en especial os rurais. A lei de 1878 establecía dous tipos de unidades electorais: os distritos uninominais, que elixían un só deputado e abarcaban as zonas rurais; e as formadas polas cidades, que elixían entre 3 e 8 deputados, pero dentro delas tamén entraban os pobos próximos as cidades, de tal xeito que en moitos casos o número de votantes rurais superaba aos da cidade e era máis fácil de manipular.

- En caso de que non funcionasen todos estes mecanismos sempre se podía recorrer o **fraude electoral** puro e duro, falsificando votos, utilizando ós mortos como votantes, manipulando o censo, ameazando, comprando votos, alterando horarios e convocatorias, encarcerando os revoltosos ou o **pucheirazo** (ou substitución masiva dos votos no pucheiro ou urna electoral favorecendo o candidato oficial.....

Este sistema funcionou a perfección durante todo o período, o reparto aproximado era un 60-70% de actas de deputado para o partido no poder e entre un 20-30 % para o partido na oposición, e un residual 5% ou 10% para outros grupo que estaban fora do sistema. (republicanos, carlistas, pronto apareceran os primeiros nacionalistas e os primeiros socialistas...)

A quenda funciona desde que en 1881 Sagasta funda o Partido Liberal e se consolida en 1885 co **Pacto de El Pardo**: A morte prematura do rei a causa dunha tuberculose en 1885 provocou unha grande incerteza xa que a súa viúva, María Cristina coa que tivera 2 fillas, estaba embarazada. Ante esta situación, os partidos dinásticos acordaron garantir a permanencia do réxime durante a rexencia de María Cristina (Pacto de El Pardo) e agardar a proclamar o herdeiro, por se a criatura que nacera fose un varón, como así sucedeu. Entre 1885-1890 Sagasta introduce reformas como o sufraxio universal que non afectaron aos principios básicos do sistema. A quenda continuara sen problemas ata 1902 durante a Rexencia de María Cristina, pero o desastre de 1898 trastocou todo.

Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)